

ATENCIÓN PALIATIVA EN SITUACIÓN DE ÚLTIMOS DÍAS

Que é a situación de últimos días?

Estado natural que precede a morte e pode durar desde horas a varios días. Débese ao fracaso dos órganos principais do corpo a causa do avance da enfermidade e é irreversible.

Que ocorre cando se identifica?



Comunicación e toma de decisións sobre os tratamentos

Proceso no que participa a persoa e que se guía polo respecto á súa vontade, ás veces recollida nun documento de instrucións previas.



Elaboración e seguimento do plan de atención individualizado

Plan de actuacións que poderá cambiar se é necesario.



Control de síntomas

Tratamento con medicamentos e outras medidas.

MEDICACIÓN

- ▶ Adóitase suspender a non imprescindible.
- ▶ Valórase de forma continuada para asegurar o control de síntomas e a ausencia de sufrimento.
- ▶ Considérase a aparición de posibles efectos non desexados.
- ▶ Adminístrase na forma menos molesta para o paciente.
- ▶ Téñense en conta as preferencias e necesidades de paciente e familia.

MEDIDAS NON FARMACOLÓXICAS E COIDADOS

- ▶ Para os principais síntomas hai medidas que poden axudar.
- ▶ Consulte o equipo de atención cales poden ser útiles.

SEDACIÓN PALIATIVA

- ▶ Administración de fármacos que diminúen o nivel de conciencia para aliviar o sufrimento ante o fracaso doutros tratamentos.
- ▶ Procedemento que precisa da autorización expresa do paciente ou o seu representante, de forma previa ou no momento.

Medidas xerais para reconfortar o seu ser querido



Coidar o ambiente



Favorecer a postura



Adaptar a hixiene



Coidar a comunicación



Favorecer a espiritualidade



Respectar as súas decisións



Incluír os máis pequeno/as



Coidar dun mesmo/a

MÁIS INFORMACIÓN NA [GUÍA PARA FAMILIARES](#)

En caso de crise ou emerxencia...



1 Tratar de identificar os síntomas e administrar a medicación pautada e outras medidas para tentar alivalos.



2 Se a situación non mellora, chamar o seu equipo sanitario de referencia ou os servizos de emerxencia.



3 Acompañar e tranquilizar o seu ser querido mentres non chegan os profesionais.

MÁIS INFORMACIÓN PARA PROFESIONAIS SANITARIOS NA [GUÍA DE PRÁCTICA CLÍNICA](#)